

Expte. 2741/2025
RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a proposta da Concellería de Xuventude do Concello da Guarda, a través da OMIX, en relación coas bases reguladoras do Campamento de Nadal 2025 – Conciliaguarda

En virtude das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, resolvo:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras para o Campamento de Nadal 2025 – Conciliaguarda, co texto que figura no ANEXO.

SEGUNDO: Publicar as devanditas bases no Taboleiro de anuncios do Concello da Guarda.

BASES CAMPAMENTO NADAL CONCILIAGUARDA 2025

1. OBXECTO.

A Concellería de Xuventude do Concello da Guarda, a través da OMIX promove o *Campamento de Nadal Conciliaguarda 2025* como alternativa de lecer e de desenvolvemento integral para as crianzas de 3 a 10 anos durante as vacacións de Nadal. Esta actividade ten como principal fin axudar na conciliación da vida familiar e laboral.

2.- BENEFICIARIOS/AS. REQUISITOS.

Crianzas de 3 (escolarizadas) a 10 anos empadroados/as na Guarda (**esta última condición comprobarase de oficio polo Concello**)

En caso de que o/a menor precise apoio derivado da súa diversidade funcional, deberá facelo constar na **solicitud de inscrición** especificando as necesidades especiais que presente.

3.- NÚMERO DE PRAZAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN.

O número total de prazas ofertadas serán 30 prazas para as crianzas que cumpran os requisitos de inscrición.

Das 30 prazas dispoñibles poderanse reservar dúas para familias de especial vulnerabilidade (situación valorada polo concello con informe previo do departamento dos Servizos sociais municipais). No suposto de que estas prazas non se ocupen cubriranse co resto de solicitudes que cumpran os requisitos de inscrición.



O campamento terá lugar nas instalacións do CEIP Manuel Rodríguez Sinde.

4.- DURACIÓN E HORARIO.

O campamento desenvolverase durante os días 22, 23, 24, 26, 29, 30, 31 de decembro e 2 de xaneiro en horario de 9:00 a 14:00 horas da mañá, de luns a venres. **Poderase solicitar horario ampliado para as familias que así o soliciten:** 8:30 h -14:30 h.

5.- SELECCIÓN DE PARTICIPANTES.

Unha vez rematado o prazo de presentación de inscrición e comprobados os requisitos previos as prazas ocuparanse polas solicitudes presentadas que cumpran os requisitos.

No caso de que existan **máis solicitudes que prazas**, realizarase un sorteo público o día **10 de decembro ás 9:30 horas**, que determinará a ocupación da praza e a orde numérica na listaxe de reserva. As solicitudes de irmáns sortearanse xuntas pero na listaxe de reserva poderán ser chamados de forma individual.

A listaxe de persoas admitidas así como a de reserva será publicada na web do Concello e aparecerá codificada co número de rexistro da solicitude.

Se aínda así quedasen prazas libres poderán participar persoas que non estean empadroadas no concello e cumpran o requisito da idade establecido nas bases.

6.- ASISTENCIA.

A concesión da praza implica a asistencia a actividade polo que as faltas non xustificadas e reiteradas significarán a perda da mesma (dúas faltas sen xustificar). Esta perda de praza será automática e se lle comunicará a persoa interesada cubrindo dita praza ca persoa seguinte na listaxe de reserva elaborada.

O Alcalde
Roberto José Álvarez Carrero

Documento asinado dixitalmente á marxe

